


FERROL ACCESIBLE

2018



VIDA INDEPENDENTE



“FERROL ACCESIBLE cara á VIDA INDEPENDENTE das PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL”

(Convención da ONU Arts. 9 e 19)

IDENTIFICACIÓN DO PROXECTO

1. Introducción

A Asociación Grupo Diversidade Funcional, antes persoas con discapacidade, loita polos dereitos das Persoas con Diversidade Funcional dende o ano 1980, co obxectivo de conquistar unha sociedade máis xusta e inclusiva na que todos e todas formemos parte da mesma, nos ámbitos de educación, emprego, accesibilidade, ocio,...

A Asociación Grupo Diversidade Funcional Ferrol e Comarcas leva moitos anos loitando pola Accesibilidade Universal, baixo as directrices marcadas pola Convención da ONU para os Dereitos das Persoas con Diversidade Funcional (Art. 9) e a Lei Xeral das Persoas con Discapacidade e da súa Inclusión Social de 2013.

Neste contexto se traballa conxuntamente cos técnicos do Concello de Ferrol, así coma cos técnicos dos Concellos limítrofes e os que pertencen á Mancomunidade de Municipios para a elaboración das Ordenanzas Municipais de Accesibilidade e Supresión de Barreiras.

Este traballo conxunto ten por obxecto garantir a accesibilidade ao medio físico en condicións tendentes á igualdade de tódalas persoas, sexan cales sexan as súas limitacións e o carácter permanente ou transitorio destas, abordando con rigor os distintos problemas de accesibilidade urbanística que presenta a Cidade e fomentando iniciativas de Normativas e Ordenanzas Municipais que obriguen a facer todo Accesible.

Neste sentido estase a executar III Fase de Accesibilidade dos distintos barrios do Concello de Ferrol (248 actuacións en pasos e beirarrúas), estando a IV Fase pendente de licitación e xa estamos preparando o informe da V Fase.

Outra liña de traballo é a loita polo transporte público adaptado para as persoas con mobilidade reducida (taxis adaptados, adaptación dos autobuses e dos trens, paradas accesibles,..), así coma Informes de Accesibilidade para a Remodelación da Estación de Autobuses da cidade e os seus accesos, así coma un informe de Accesibilidade de Zona Portuaria.

2. Datos do Proxecto

FERROL ACCESIBLE. UN DESEÑO PARA TODOS

Dende o descoñecemento do problema, ata o déficit na formación, sensibilización ou vontade política, os arquitectos e os encargados do desenvolvemento das políticas de deseño e planificación urbana a miúdo non teñen en conta a influencia negativa que exercen as barreiras arquitectónicas, urbanísticas e no transporte, entre outras, no proceso de rehabilitación e inclusión social das persoas que presentan algunha limitación (diversidade funcional). Ademais de que se sigan deseñando e construíndo edificacións e contornas que desafortunadamente non son para todos.

Moitas das características que dan aos edificios e lugares públicos accesibilidade e facilidade de utilización para as persoas con algunha limitación física facilitan tamén o seu uso a outras persoas. Moitos dos obstáculos físicos da contorna, pódense evitar con moi pouco ou ningún custo, se se pensan neles na etapa de planificación, mentres que outros se poden eliminar sen dificultade mediante traballos de renovación e transformación.



ASOCIACIÓN GRUPO DIVERSIDADE FUNCIONAL FERROL E COMARCAS

FERROL ACCESIBLE cara a VIDA INDEPENDENTE das PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL

Neste sentido pódese definir a “Accesibilidade Universal” como a condición que deben cumprir as contornas, procesos, bens, produtos e servizos, así como os obxectos ou instrumentos, ferramentas e dispositivos, para ser comprensibles, utilizables por tódalas persoas en condicións de seguridade e comodidade e da forma mais autónoma e natural posible. Presupón a estratexia de “Deseño para Todos”, que ten como obxectivo deseñar produtos e servizos que poidan ser utilizados polo maior número posible de persoas, considerando que existe unha ampla variedade de habilidades humanas e non unha habilidade media, sen necesidade de levar a cabo unha adaptación ou deseño especializado, simplificando a vida de todas as persoas.

Seguindo estes argumentos resulta interesante tamén destacar o termo “Vida Independente” que vén asociado ó concepto de diversidade funcional. En oposición ó modelo médico-rehabilitador, que busca a asistencia como alternativa á curación, *o modelo de Vida Independente emprégase para indicar unha filosofía de vida baseada na posibilidade das persoas con diversidade funcional (discapacidade) de exercer o poder de decisión sobre a súa propia existencia e participar activamente na vida da súa comunidade, conforme ó dereito ó libre desenvolvemento da personalidade e a vida particular e social baixo os principios de igualdade de oportunidades e non discriminación. A posibilidade de levar a cabo unha vida independente é o principal obxecto da lexislación antidiscriminatoria e sobre accesibilidade.*

Así pois, as cidades accesibles deberán aspirar a priorizar a calidade de vida das persoas, respectando o dereito para acceder ós espazos públicos independentemente das capacidades físicas ou cognitivas das mesmas.

OBXECTIVO

Acadar un equipo composto por un Técnico en Accesibilidade e Axudante que desenvolva o seu traballo de investigación, proxección e seguemento das necesidades no ámbito dos accesos na Cidade coma beirarrúas, pasos de peóns paradas de autobuses,... no marco da Asociación Diverffec.

BENEFICIARIOS

Como regra xeral os beneficiarios dunha contorna, produto ou servizo deseñado baixo o concepto de deseño para todos non son exclusivamente o colectivo de persoas con discapacidade. Dunha forma directa pódense ver beneficiados todos aqueles que de forma temporal teñan limitadas as súas capacidades. De forma indirecta pódese asegurar que se mellora a calidade de vida de toda a poboación do Concello. En definitiva, se somos capaces de deseñar pensando naqueles que o teñen máis difícil, estarase a contribuír á creación dun mundo mellor para todos.





Gráfico Poboación Concello de Ferrol e Número de Persoas con discapacidade

Tendo en conta o anterior, considérase que as barreiras da contorna afectan non só ás persoas con discapacidade senón tamén ao conxunto da poboación, pero hai tres grandes colectivos de beneficiarios:



1.- As persoas que teñen discapacidades permanentes derivadas de discapacidades físicas, sensoriais, mentais, etc. En Galicia ascenden a 231.954 persoas en 2.017, segundo datos do Instituto Galego de Estadística, o que supón en torno ao 8,56% % da poboación total galega.

2.- As persoas de idade avanzada non discapacitadas (65 anos ou máis). Representan en torno ó 24 % da poboación total galega, segundo datos do Instituto Galego de Estadística para o ano 2.017.

3.- As persoas que teñen circunstancias transitorias derivadas de actividades ou situacións conxunturais que resultan discapacitantes.

Estímase que estes tres colectivos suman preto do 40% do total da poboación que podería considerarse como beneficiaria da supresión de barreiras.

AMBITO DE ACTUACIÓN

Este Proxecto de Accesibilidade aspira a ser de obrigado cumprimento en tódalas actuacións referidas ó plan, deseño, xestión e execución de obras, tanto de primeira instalación como as posteriores de conservación e mantemento promovidas ou realizadas no termo municipal da Cidade de Ferrol.

TEMPORALIZACIÓN E METODOLOXÍA			
Nº	ACTIVIDADE	METODOLOXÍA	CALENDARIO DE REALIZACIÓN
1	TRABALLO DE CAMPO	O Técnico de Accesibilidade e o axudante recorren as rúas da Cidade e apuntan os "puntos negros" en materia de Accesibilidade	De Luns a Venres, de 10:00h a 13:00h
2	TRABALLO ADMINISTRATIVO EN OFICINA	O Administrativo pasa o traballo aos mapas e elabora un informe para entregar no Concello	De Luns a Venres, de 9:00h a 14:00h
3	REUNIÓNS COS TÉCNICOS DE URBANISMO	O Técnico de Accesibilidade e o axudante reúnen cos técnicos de urbanismo para entregar o informe e estudar as posibilidades	Un día ao mes, de Luns a Venres, de 9:00h a 13:00h

4	TRABALLO A PE DE OBRA	Unha vez aprobado o informe e licitada a obra, acude o encargado de Accesibilidade cos técnicos do Concello a "supervisar" as obras	De Luns a Venres, de 9:00h a 14:00h
---	-----------------------	---	-------------------------------------

RECURSOS HUMANOS		
PERSOAL	DEDICACIÓN MENSUAL EN HORAS	
Administrativo	120	Contratado/a temporal (X)
Encargado en Accesibilidade	120	Socio Voluntario (X)
Conductor/a	80	Persoal subcontratado (X)
Axudante Accesibilidade	120	Socio Voluntario

RECURSOS TÉCNICOS E MATERIAIS

Local social:

- **Oficina** con ordenador principal e dous secundarios, impresora e Fax, bolígrafos, rotuladores, folios, ...
- **Sala de Actividades** con sete ordenadores para uso formativo cos seus correspondentes ratóns, unha smart TV para exposicións, ordenador portátil, ratóns accesibles e mesas de traballo de tamaño suficiente para a elaboración dos mapas para os informes de accesibilidade.
- **Furgoneta Fiat Ducato**

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

PROCEDEMENTO AVALIATIVO

A avaliación será activa, participativa e inclusiva; As persoas son as principais protagonistas
 Un cuestionario xeral de necesidades do Concello
 Seguemento permanente das actuacións realizadas
 Buzón de suxerencias.



ASOCIACIÓN GRUPO DIVERSIDADE FUNCIONAL FERROL E COMARCAS

FERROL ACCESIBLE cara a VIDA INDEPENDENTE das PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL

INDICADORES AVALIATIVOS

Nº	DESCRIPCIÓN DO INDICADOR
1	Actuacións realizadas: 5 (0-5)
2	Satisfacción do colectivo: 5 (0 -5)
3	Grao de Mellora da Accesibilidade: 5 (0 - 5)

FERRAMENTAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Cuestionario de Necesidades e Expectativas
Cuestionarios de Satisfacción
Folletos de suxerencias

O seguemento é continuo por parte do Encargado de Accesibilidade e a persoa (axudante) que o acompaña tanto no proceso inicial de avaliar as necesidades do Concello coma nos informes que se presenten e na posterior execución das obras pertinentes.

Este proxecto é unha continuidade de outros que a Asociación ven de facer dende hai dez anos. Concretamente este informe formaríase parte da VI Fase de Accesibilidade. Neste intre estase a realizar o informe relativo á V Fase.

CONSIDERACIÓNS FINAIS

O poder levar adiante este proxecto de Ferrol Accesible cara a Vida Independente é unha aspiración desta Asociación (DIVERFFEC) facendo un traballo diario de investigación e seguemento dos lugares non accesíbeis da nosa Cidade.

A consecución do proxecto faise co esforzo dos socios e axudantes, así como da persoa que fai os traballos administrativos (asalariada) e o uso do transporte adaptado con conductor/a gratificado/a, sempre tendo en conta as dificultades persoais que conleva ter mobilidade reducida ou ser usuario de cadeira de rodas.

O fin deste proxecto é o de poder disfrutar de tódolos servizos: educación, ocio, deportes, salud, emprego, transporte como un dereito inalienable.